SUXESTIÓNS Ao 26.01.2025

SUXESTIÓNS PARA O DOMINGO DA PALABRA

- O terceiro domingo do tempo ordinario o Papa Francisco quere que o dediquemos á Palabra de Deus. O seguinte vídeo explícanolo: Vídeo da Arquidiocese de León sobre o Domingo da Palabra de Deus: https://www.youtube.com/_stc7SuiG14

- Poderíase hoxe **entronizar o Leccionario** xa que é tamén o comezo de Lucas.

- O Espírito e a Palabra sempre nos moven cara aos que sofren. Sé sensible cos seus problemas, acólleos, sé boa noticia para eles. Para quen podes ser a túa boa noticia?



-Na **casa** e nas reunións poñede a Biblia nun lugar preparado, acendede un cirio ao lela, logo vede que di a Palabra, que che di a ti e que resposta lle vas a dar.

- Na misa do domingo preparade un **lugar con varias biblias** en distintos idiomas ou formatos, un cirio aceso (A Palabra é a voz de Xesús hoxe) e un cartel que poña: "As túas palabras, Señor, son espírito e vida" (Salmo 18).

- Preguntemos que é o **xudaísmo,** unha sinagoga, o libro da lei ou Torá. Aprendémonos os nomes dos libros do Novo Testamento.

- A partir da primeira lectura **"non esteades tristes…"** e sabendo que o domingo é día de festa, poderemos preparar unhas bandexas con caramelos para que as repartan os nenos no fondo da igrexa. A idea é que da igrexa saímos "doces e contentos" por estar con Xesús e ter celebrado o que nos dá.

- A liturxia deste domingo fala de **dúas proclamacións solemnes** da Palabra de Deus: a primeira durante a reconstrución de Xerusalén, nunha praza pública, con moita xente; a segunda un sábado na sinagoga de Nazaré. Tratemos de que os lectores proclamen a Palabra de Deus con toda a dignidade, coidemos os medios técnicos pero sobre todo a nosa preparación, leamos de maneira intelixible, sen présas, sabendo que non

comunicamos as nosas palabras senón a Palabra de Deus. Antes de ler acollamos no corazón a Palabra que imos proclamar. A maneira de ler do lector debería expresar que cre e vive o que le.
- Poderíase facer un **acróstico coas letras de "PALABRA":** Perfecta, Amorosa, Latente, Activa, Bonita, Rápida e Axeitada. Explicámolas e presentámolas nas ofrendas.
- Poderíase pedirlles que traian **as biblias á misa e bendinse**.

VÍDEOS 3º ORDINARIO-C, Lucas 1, 1-4.14-21: Xesús en Nazaré

-Lucas 1, 1-4.14-21, debuxos: https://youtu.be/ArgBwAmeOAw

-Xesús en Nazaré, debuxos: https://youtu.be/pdRJ1zNEJ2c

-Xesús de Nazaré na sinagoga, debuxos: https://youtu.be/1oWb-1FuoOc

-Xesús le a Isaías, película: https://youtu.be/pz0CR1sNJr8

-Lc. 4,15-30, película: https://youtu.be/KGLmmYdg1t8

-Lucas 4,16-30, película: https://youtu.be/zQgOVO_ZVDQ

-Lucas 4,16-30, película: https://youtu.be/amql2-PrFvo

-Hoxe cúmprese, Verbo Divino 2010, reflexión: https://youtu.be/cjwlsdiFuv8

-Hoxe, Verbo Divino 2016, reflexión: https://youtu.be/mDxAL5cWZYk

-Mensaxes para ti e para outros, Verbo Divino 2019, reflexión: https://youtu.be/RKW9t5B5hzY

-Definímonos polo que facemos, Verbo Divino 2022, reflexión: https://youtu.be/h0ZmwcZJ0Os

-O quebracabezas da túa vida, Verbo Divino-2025, reflexión: https://youtu.be/6i_aRO9psY0

-Alex o Curilla, Cousas de Deus, reflexión: https://youtu.be/I-6INZnDu4U

-O Espírito do Señor, Jésed, canción: https://youtu.be/LCErpGm1qBM

-O Espírito de Deus está sobre min, Carmelo Erdozain, canción: https://youtu.be/Q7a4nEsFEAw

-O Espírito de Deus, sobre min está, Javier Brú, canción: https://youtu.be/obAnIHoPiys

-Evanxeo en linguaxe de signos: https://youtu.be/S5MKdmfV7ig https://youtu.be/MObAhFME0v8

CELEBRACIÓN DA ENTREGA DA BIBLIA

Despois dun breve momento de oración en silencio, o celebrante, coas mans estendidas, di:

C./ Pai da luz, loámoste e bendicímoste por todos os signos do teu amor. Ti fixeches renacer a estes fillos teus pola auga e o Espírito Santo no seo da nai Igrexa e agora os chamas para escoitar e anunciar a Palabra que salva. Xesucristo que é o teu Verbo feito home, os guía ao coñecemento do misterio escondido aos sabios e entendidos e revelado aos sinxelos. Fai que abran os seus corazóns para comprender o sentido das Sagradas Escrituras. Fai que sexan testemuño vivo do Evanxeo que lerán nestes libros. Interceda por eles María, Nai da Sabedoría, que acolleu no seu ventre materno o Verbo que se fixo carne. O teu Santo Espírito doe a cada un de nós a graza de colaborar con sinxeleza e alegría na proclamación da túa Palabra, para gloria do teu nome. Por Cristo o noso Señor.

R./ Amén.

O celebrante diríxese á mesa onde están os textos para entregar e distribúeos aos fieis. Mentres entrega o texto, di

C./ Recibe as Sagradas Escrituras, le, anuncia e testemuña con alegría a Palabra de Deus.

Respóndese:

R./ Amén.

Terminada a distribución dos textos, a Santa Misa prosegue co Credo e a Oración dos fieis.


DOMINGO DE LA PALABRA DE DIOS
VI Domingo
de la Palabra de Dios
26 de enero 2025
«Espero en tu Palabra» (Sal 119,74)


TU PALABRA
Es como aceite sobre mis heridas
Es el agua en el desierto,
y el calor en el invierno.
Es la voz que me habla en la mañana
Es mi consejo cada día
y en las pruebas es mi guía
Es como dulce miel para mis labios
Es la perfecta melodía
que me deleita cada día
Es mi refugio en medio de las pruebas
en la tristeza es mi alegría
en soledad mi compañía